



Concello de Lugo

O Concello de Lugo, co fin de elixir o cartel anunciador das festas patronais de SAN FROILÁN 2015, convoca o PREMIO DE DESEÑO GRÁFICO "SAN FROILÁN 2015", de acordo coas seguintes

**BASES:**

1ª.- Poderán concorrer cantos autores o desexen, con traballos de técnica libre, presentando cada un cantas obras considere oportunas, sendo condición indispensable que as obras sexan orixinais.

2ª.- Os deseños contribuirán a enxalzar a cidade de Lugo e as súas festas patronais de San Froilán. Deberán incluír o texto: LUGO, SAN FROILÁN 2015, 4-12 DE OUTUBRO, así como a imaxe corporativa do Concello, distribuído da maneira que elixa cada autor. Será requisito indispensable que figure o texto: Festa de Interese Turístico Galego. Fiesta de Interés Turístico Nacional.

3ª.- O/A autora do deseño que resulte gañador/a recibirá un premio dotado con 2.000,00 €. Este premio estará suxeito a unha retención do 19 % de acordo co Real decreto lei 26/2014, de 27 de novembro, polo que se modifica a Lei 35/2006, de 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

4ª.- O cartel seleccionado quedará en poder do Concello de Lugo, que poderá reproducilo no tempo e maneira que estime oportunos.

O cartel gañador será propiedade do Concello, que poderá cedelo a terceiros. Os autores renuncian a todos os dereitos de explotación, só conservarán os dereitos de autor para incluílo no seu curriculum.

5ª.- Entrega de traballos: Presentaranse na Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua, sita na praza Maior 1, 27001 Lugo, poderase efectuar entre o luns 4 e o venres 29 de maio, en formato dixital JPG, cunhas dimensións de 50x70 cm. e con 72 ppp de resolución (1417x1984 píxeles), en soporte cd ou lapis de memoria, e pódese facer persoalmente ou por correo postal. Poderase enviar tamén por correo electrónico ao enderezo [cultura@concellodelugo.org](mailto:cultura@concellodelugo.org), indicando CARTEL SAN FROILÁN 2015.

Non obstante, se algún participante o desexa e para unha mellor valoración da súa proposta, tamén pode entregar o cartel montado a sangue sobre cartón pluma de 5 ou 10 mm e a un tamaño de 50x70 cm

6ª.- Os traballos deberán ser presentados de maneira anónima, con lema, acompañando un sobre co mesmo lema no exterior, e dentro os datos do participante, tales como nome, apelidos, enderezo, correo electrónico e teléfono. Se presentan o cartel dixitalmente, estes datos virán nun documento á parte.



MURALLA  
patrimonio da humanidade

7ª.- O gañador ou gañadora deberalle facilitar ao Concello, nos prazos que este indique, diferentes adaptacións e aplicacións para a promoción, comunicación e sinalización do evento.

8ª.- Os carteis deberán evitar calquera tipo de propaganda subliminal que poida inducir ao consumo de alcohol ou calquera outro tipo de drogas, segundo a lexislación vixente.

9ª.- O xurado estará formado por persoas cualificadas na materia.

10ª.- O xurado resérvase a facultade de declarar deserto o premio no caso de que estimase que ningún dos carteis ten méritos suficientes.

11ª.- Os participantes someteranse á decisión do xurado, que resolverá sobre calquera dúbida non prevista nas presentes bases, e o gañador ou gañadora do certame comprométese a recoller persoalmente o premio ou facerse representar debidamente no acto, para o cal será convocado oportunamente.

12ª.- Os participantes responsabilízanse totalmente de que non existen dereitos de terceiros nas obras presentadas, e renuncian a toda reclamación por dereitos de imaxe.

13ª.- O simple feito da presentación ao concurso supón a plena aceptación destas bases.